



RECOLLIDA SELECTIVA

Dos residuos orgánicos na hostalería





Índice

Introducción

Que é a form?

**Os biorresiduos
procedentes da
hostalería**

**Por que é necesaria
a recollida selectiva
dos biorresiduos?**

Marco normativo

**Que residuos podon
depositar no
colector marrón?**

**Que imos facer cos
residuos que se
depositan no
colector marrón?**

Beneficios

Introdución

A implantación do servizo de recollida selectiva dos residuos orgánicos producidos no sector da hostalería é unha aposta clara e decidida da Mancomunidad de Concellos do Morrazo pola protección do noso patrimonio ambiental e o compromiso co noso futuro e o das próximas xeracións.

O obxectivo principal desta recollida selectiva é mellorar a xestión dos residuos da Mancomunidad e incrementar as taxas de reciclaxe para aproximarse aos obxectivos das diferentes normativas; europea, estatal e autonómica. Ao mesmo tempo, transformaranse estes residuos nun fertilizante natural, o compost, que poida substituír a outros tipos de fertilizantes e manter a calidade dos solos nos que se aplica.

A presente guía realízase para ofrecer toda a información relativa a este tipo de recollida; que residuos se consideran materia orgánica, onde van, como se tratan ou cales son os beneficios ambientais que se pretenden acadar.

Estamos convencidos de poder contar coa participación e implicación de toda a hostalería e situar aos Concellos da Mancomunidad do Morrazo como exemplo da xestión responsable dos residuos.

Que é a FORM?

A FORM é a Fracción Orgánica dos Residuos Municipais, é dicir, a parte dos residuos que coloquialmente coñecemos como residuos orgánicos ou biorresiduos.

A lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, define “biorresiduo” como:

“Residuo biodegradable vexetal de fogares, xardíns, parques e do sector servizos, así como residuos alimentarios e de cociña procedentes de fogares, oficinas, restaurantes, maioristas, comedores, servizos de restauración colectiva e establecementos de consumo ao por menor, entre outros, e residuos comparables procedentes de plantas de transformación de alimentos..”



Os biorresiduos procedentes da hostalería

Un dos principais xeradores de biorresiduos son os establecementos de restauración e hostalaría: bares e restaurantes, cafeterías, hoteis, comedores de empresas, centros educativos, etc. A maioría destes restos orgánicos prodúcese durante a manipulación dos alimentos e a preparación de comidas ou durante o seu consumo (excedentes non consumidos polos usuarios e restos non consumibles como as mondas, ósos, cascas...). Tamén se poden xerar residuos de produtos en mal estado ou caducados e panos de papel sucios con restos de comida. Así mesmo, tamén formaría parte destes biorresiduos, a fracción vexetal de xardíns e parques asociados a estas instalacións.

Por que é necesaria a recollida selectiva dos biorresiduos?

A correcta xestión dos residuos urbanos implica tanto ás administracións públicas como ao tecido empresarial e aos propios cidadáns, que deben asumir a súas respectivas responsabilidades e ser parte activa na recollida e na xestión do lixo.

Os residuos orgánicos non presentan problemas directos de perigosidade sobre o medio ambiente, pero que acabe chegando aos vertedoiros si supón un problema. Son residuos que se degradan facilmente, o que pode provocar contaminación de solos e augas subterráneas, emisións atmosféricas e malos cheiros.



Para evitar estes danos no medio ambiente e acadar os obxectivos europeos, a recollida separada dos residuos orgánicos é imprescindible. Por iso, cada vez máis concellos a están implantando. Coa recollida separada destes residuos conséguese un residuos orgánico “limpo”, que é levado a plantas de tratamento nas que se obtén compost, un fertilizante natural de alta calidade con excelentes propiedades fertilizantes para o solo; axeitado para utilizarse na agricultura, hortas, zonas verdes e xardíns.

Se o compost presenta impropios, como fragmentos de vidro ou plástico, é inservible. Por iso é tan importante recoller os residuos orgánicos de maneira separada do resto de residuos.



Marco normativo

Hai que ter en conta, que os biorresiduos, sendo o principal compoñente da bolsa do lixo, xogan un papel clave nas estratexias municipais para acadar os obxectivos europeos, estatais e autonómicos.

Por un lado, tanto a directiva Europea (a Directiva 2018/851 do parlamento europeo e do consello de 30 de maio de 2018 pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre os residuos), como a normativa estatal (Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular) e autonómica (Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia) establecen os novos obxectivos de reciclado dos residuos municipais:

Para o 2025, terá que reciclarse un mínimo do 55% dos residuos municipais en peso. Este obxectivo ascenderá ao 60% para 2030 e ao 65% para 2035.

Por outro lado, os concellos deben:

Garantir que, a máis tardar o 31 de decembro de 2023, os biorresiduos (fracción orgánica dos residuos domésticos) sexan recollidos de maneira separada ou se reciclen en orixe (por exemplo, mediante compostaxe).

Que residuos podo depositar no colector marrón?

Como no restos de fraccións, o mellor residuos é o que non se xera polo que a prevención debe motivar os nosos hábitos de compra e consumo para así reducir a xeración. Debemos tratar de evitar o desperdicio alimentario.

Os residuos considerados orgánicos que entran dentro da recollida selectiva na nosa Mancomunidad son os seguintes:



RESTOS DE FROITA E VERDURA



CARNE E PEIXE (incluídos ósos e espiñas)



FROITOS SECOS



PAN E OVOS



POUSOS E FILTROS DE CAFÉ E INFUSIÓNS



ARROCES E PASTAS



MARISCO (incluídas as cunchas)



IOGURES



FOLLAS, FLORES E PLANTAS (verdes ou secas)



HERBA




PALLA



SERRADURAS E CINZAS DE MADEIRA SEN TRATAR



RESTOS DE PODA TRITURADOS



PANOS DE MESA, BOLSAS E ENVASES DE PAPEL



CARTÓN, CARTÓN DOS OVOS (en anacos)

Os residuos que **NON** se poden depositar no colector marrón son os seguintes:

MEDICAMENTOS



RESTOS DE COMIDA LIQUIDOS OU ACEITES



EXCREMENTOS



PRODUTOS HIXIÉNICOS



FILTROS DE CIGARROS OU CINZAS



RESIDUOS DESTINADOS A RECOLLIDA SELECTIVA



ELEMENTOS DESTINADOS AO PUNTO LIMPO



TECIDOS SINTÉTICOS E ARTIGOS DE PEL



Que imos facer cos residuos que se depositan no colector marrón?

A materia orgánica xerada debe ser xestionada correctamente. Así pois, o primeiro paso do proceso é o depósito desta materia orgánica nos colectores marróns, que son recollidos para o seu traslado ao Complexo Medioambiental do Morrazo, situado no Polígono de Castiñeiras-Beluso. Concretamente, na zona da Portela, no límite entre Cangas e Bueu.

“ Nesta planta realizarase un tratamento biolóxico no que a materia orgánica se transforma en compost, que poderá ser aplicado no solo como fertilizante ou enmenda orgánica nas tarefas agrícolas ou de xardinería. ”

Beneficios

Aposta pola economía circular.

Utilizando os residuos como recursos, pechamos o ciclo da materia orgánica e contribuímos a superar o actual modelo económico e de produción lineal.

Mellora das taxas de reciclaxe.

Diminuiremos as 25.000 toneladas anuais que se tratan por incineración/vertedoiro e aumentaremos as taxas de reciclaxe para aproximarse aos obxectivos da Normativa Europea.

Prevención do cambio climático.

A xestión axeitada dos biorresiduos contribúe á xestión sostible dos recursos, á protección do medio ambiente e á loita contra o cambio climático.

O fomento da separación e reciclaxe en orixe dos biorresiduos, así como da súa recollida separada e tratamento biolóxico posterior, son unha das medidas que maior influencia teñen na redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, posto que se evita o seu depósito final en vertedoiros e, por tanto, o proceso de degradación xerador destas emisións.

Protección dos solos.


Promocionar o compost como fertilizante orgánico mellora a capacidade de recuperación dos solos, protexe contra a erosión, exerce un control de pragas, mellora a estrutura, incrementa a capacidade de retención de auga e evita a contaminación dos solos.

Ó Minimizar o vertido final dos biorresiduos en depósitos controlados, evítase a contaminación do solo e favorécese a rexeneración dos solos degradados.

Reducir o forte gasto que supón para o orzamento municipal a partida de residuos.

Tratando os residuos orgánicos na planta do Morrazo, evitamos o custe que supón o traslado e o tratamento destes residuos mediante incineración.





**Composta!
MORRAZO!**



www.mancomunidadedomorrazo.gal